

INFORMACIÓN ACADÉMICA PARA 2º ESO

As características xerais da ESO coa nova lei LOMLOE

Na LOMLOE a ESO é a etapa educativa que constitúe xunto coa Educación Primaria e os ciclos formativos de Grao Básico, a Educación Básica.

No curso 2022/2023 implantouse a lei nos cursos impares(1º e 3º ESO), e no curso 2023/2024 implantase nos cursos pares, é dicir en 2º e 4º de ESO.

A ESO consta de 4 cursos e organízase en materias e en ámbitos. O 4º curso de ESO terá carácter orientador, tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral.

A medida que se avanza nos cursos da ESO, as opcións son diferentes segundo os estudos que se queiran cursar no futuro, polo que cada alumno/a deberá elixir as materias e itinerarios en función dos seus intereses e das súas capacidades, sempre coa finalidade de obter o título de Graduado en Educación Secundaria, xa que este é actualmente o título mínimo esixido tanto para continuar coas ensinanzas postobrigatorias, como son o Bacharelato ou un Ciclo Formativo de Grao Medio, como para acceder ao mercado laboral.

Organización do 3º curso da ESO LOMLOE

Materias xerais	• Lingua Galega e Literatura • Lingua Castelá e Literatura • 1º Lingua Estranxeira : Inglés • Matemáticas • Xeografía e Historia • Educación Física • Bioloxía/Xeoloxía • Física e Química • Elixir entre: Relixión ou Proxecto Competencial • Educación en Valores Cívicos e Éticos • Educación Plástica, Visual e Audiovisual • Música • Titoría
Materias optativas (elixir 1)	- 2ª lingua Estranxeira: Francés ou Portugués - Cultura Clásica - Educación Dixital - Oratoria - Cultura Financeira

Organización do 4º curso da ESO LOMLOE

No curso 23/24 implantase o novo currículo de 4º de ESO coas seguintes materias:

Materias xerais	• Lingua Galega e Literatura • Lingua Castelá e Literatura • 1ª Lingua Estranxeira • Matemáticas A ou Matemáticas B • Xeografía e Historia • Educación Física • Relixión/Proxecto Competencial • Tutoría
Materias Optativas Autonómicas (elixir 1)	- Filosofía - Cultura Clásica - Oratoria - Intelixencia Artificial - Opción non cursada bloque estatais
Materias Optativas estatais: (elixir 3)	- Bioloxía e Xeoloxía - Física e Química - Educación Dixital - Música - Latín - Economía e Emprendemento - Formación e Orientación Persoal e Profesional - Tecnoloxía - Expresión Artística - 2ª Lingua Estranxeira: Francés / Portugués

Promoción e repetición na ESO

Os alumnos/as promocionarán de curso cando superen todas as materias ou teñan avaliación negativa nun máximo de dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores, e sempre que a xuízo do equipo docente se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias sexa igual ou superior a 5.
- b) Que o/a alumno/a poida seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que esta promoción beneficie a evolución académica do/a alumno/a.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias, destinado a súa recuperación e a súa superación. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da ESO consideraranse como materias distintas.

O/a alumno/a que non promocioe deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Poderase repetir un vez o mesmo curso e dúas veces como máximo na ensinanza obrigatoria (Educación Primaria e ESO).

Para obter o título de Graduado en ESO será necesario ter avaliación positiva en todas as materias. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dun alumno/a, sempre que se cumpran tamén todas as seguintes condicións:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias sexa igual ou superior a 5.
- b) Que o/a alumno/a teña adquiridas as competencias establecidas.
- c) Que o/a alumno/a teña alcanzados os obxectivos de etapa.

Consello Orientador

Ao finalizar o 2º curso de ESO entregárase aos pais/nais/titores legais de cada alumno/a un consello orientador, que incluírá un informe sobre o grao do logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta da opción que se considera máis conveniente para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un Programa de Diversificación Curricular ou a un ciclo de Formación Profesional Básica.

Igualmente ao finalizar 4º de ESO todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que incluírá unha proposta sobre a opción ou opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideren máis convenientes para o seu futuro formativo.

O consello orientador incluírase no expediente do alumno/a.

Medidas organizativas e curriculares para a atención á diversidade

Para que os centros poidan atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, contéplanse unha serie de medidas organizativas, curriculares e de atención á diversidade, como son:

- Reforzos educativos, Desdobres
- Apoios de PT e AL, Adaptacións do currículo
- Programas de Diversificación Curricular
- Programas de Formación Profesional Básica (FPB).
- Educación Secundaria de Adultos (ESA).
- Proba de acceso a ciclos de Grao Medio (para os que teñan cumpridos os 17 anos).

Programas de Diversificación Curricular (PDC)

Os Programas de Diversificación Curricular constitúen unha medida de atención á diversidade que poden desenvolverse a partir de 2º ESO orientados á consecución do Título de Graduado en ESO, por parte do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe, e tras ter recibido previamente en 1º ou 2º de ESO outras medidas de apoio efectivas para a súa recuperación. A duración destes programas será de 2 cursos.

Nos PDC utilizarase unha metodoloxía específica que lle permita ao alumnado acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes, a través dunha organización en ámbitos de coñecemento e actividades prácticas.

O equipo docente poderá propoñerlle aos pais/nais/titores legais a incorporación do seu fillo/a a un PDC aos alumnos/as que se atopen nas seguintes situacións:

- Ter cursado o 2º curso de ESO, non estar en condicións de promocionar.
- Ter cursado o 3º curso de ESO e non estar en condicións de promocionar a 4º.

Excepcionalmente poderán establecerse programas dun curso de duración para o alumnado que se encontre nas seguintes situacións:

- Ter repetido o 3º curso de ESO e non superalo.
- Ter cursado o 4º curso de ESO e non superalo, tendo repetido unha vez na etapa.

Os grupos que se conformen para desenvolver estes programas non superarán o número de 10 alumnos/as nin ter un número inferior a 5.

A incorporación do alumnado a un PDC requirirá a avaliación tanto académica como psicopedagóxica, a través do correspondentes informes do titor/a e do departamento de orientación, e realizarase unha vez oídos os propios/as alumnos/as e os seus pais/nais/titores legais.

Formación Profesional Básica

A FPB son ciclos formativos de formación profesional que están dirixidos ao alumnado entre de entre 15 e 17 anos, en risco de abandono escolar e que non posúe o título de Graduado en Educación Secundaria. Teñen unha duración de 2000 horas ou 2 cursos académicos.

Os requisitos de acceso a unha FPB son os seguintes:

- Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- Ter cursado o 3º curso de ESO ou, excepcionalmente, ter cursado o 2º curso.
- Ser proposto/a polo equipo docente.
- Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais.

O alumno/a que supere os módulos asociados ás unidades de competencia profesionais obterá o título profesional básico correspondente á familia profesional cursada, con valor académico e profesional e con validez en todo o territorio español. Este título profesional básico permite o acceso á Formación profesional de Grao Medio.

Ademais poderá obter o Título de Graduado en Educación Secundaria se supera os módulos formativos comúns académicos (módulo de comunicación e sociedade e módulo de ciencias aplicadas) e sempre e cando o equipo docente considere que ten as competencias básicas da ESO.

No pasado curso, o calendario de inscrición para cursar un ciclo de FPB foi do 1 ao 12 de setembro, a continuación publicouse a listaxe de admitidos e logo abriuse o período de matriculación do 13 ao 20 de setembro.

Os ciclos de FP Básica que se ofertan son os seguintes:

Familia Profesional	Ciclo de FP Básica
Administración e Xestión	Servizos Administrativos
Agraria	Agroxardaría e composicións florais Actividades agropecuarias Aproveitamentos forestais
Artes Gráficas	Artes gráficas
Comercio e Márketing	Servizos comerciais
Electricidade e Electrónica	Electricidade e electrónica Instalacións electrotécnicas e mecánica
Edificación e Obra Civil	Reforma e mantemento de edificios
Fabricación Mecánica	Fabricación e montaxe Fabricación de elementos metálicos
Hostalaría e Turismo	Cociña e restauración Aloxamento e lavandaría Actividades de panadería e pastelería
Informática e Comunicacóns	Informática e comunicacións Informática de oficina
Imaxe Persoal	Peiteado e estética
Industrias Alimentarias	Industrias alimentarias
Madeira, Mobre e Cortiza	Carpintería e moble
Marítimo-Pesqueiras	Actividades marítimo-pesqueiras
Servizos Socioculturais e á Comunidade	Actividades domésticas e limpeza de edificios
Téxtil, Confección e Pel	Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel Tapizaría e cortinaxe
Transporte e Mantemento de vehículos	Mantemento de vehículos Mantemento de embarcacións deportivas e de recreo
Vidro e Cerámica	Vidraría e olaría

A EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS (ESA)

A ESA vai dirixida ás persoas maiores de 18 anos, aínda que excepcionalmente poderán cursala tamén as persoas maiores de 16 anos que teñan un contrato de traballo.

Organízase en módulos de duración cuatrimestral, tendo cada un tres campos de coñecemento: ámbito de comunicación, ámbito de sociedade e ámbito científico-tecnolóxico.

Dependendo do nivel previo do alumno/a poderá cursarse nun curso escolar ou en 2.

QUE ESTUDOS SE PODEN FACER AO REMATAR A ESO

O Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria permite acceder a:

- Ao Bacharelato.
- A ciclos de Grao Medio de Formación Profesional.
- As Ensinanzas de Réxime Especial (Artes Plásticas e Deseño, Música e Danza, Arte Dramática, Ensinanzas Deportivas e Ensinanzas de Idiomas).

O BACHARELATO

É a última etapa da Educación Secundaria, non é obrigatoria e a súa duración é de dous cursos, normalmente entre os 16 e os 18 anos.

Dura 2 cursos académicos. Poderás permanecer escolarizado durante catro cursos académicos.

Coa LOMLOE implántanse 4 modalidades de Bacharelato:

- Ciencias e Tecnoloxía
- Humanidades e Ciencias Sociais
- Artes
- Xeral

No noso centro só se imparten as 2 modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais. Na modalidade que escollas cursarás materias de tres tipos: troncais (xerais e de opción), específicas e de libre configuración.

Co Título de Bacharelato podes acceder a:

- Carreiras universitarias: títulos de grao.
- Ciclos Formativos de Grao Superior de Formación Profesional.
- Estudos Superiores de Ensinanzas de Réxime Especial: Artes Plásticas e Deseño, Música e Danza, Arte Dramática, Ensinanzas Deportivas e Ensinanzas de Idiomas.
- Outros estudos: estudos militares, forzas de corpos de seguridade, bombeiro, piloto, etc.

Os diferentes estudos están vinculados a unha modalidade e a unhas materias de Bacharelato, de xeito que en función do Bacharelato escollido poderás acceder a unhas carreiras e/ou Ciclos Superiores determinados.

Antes de escoller unha modalidade de Bacharelato, e unhas determinadas materias debes saber que:

- Para acceder a un título universitario debes superar, ademais do Bacharelato, a Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU). Nos títulos con límite de prazas terase en conta a nota de acceso, que será unha ponderación entre e a nota media dos dous cursos de Bacharelato (60%) e a nota de ABAU(40%).
- Para acceder a un Ciclo Superior de FP só se necesita un título de Bacharelato vinculado á esa familia profesional. A nota de acceso será a nota media das materias cursadas no Bacharelato.

Cualificación e Titulación no Bacharelato

Repetirán 1º curso de Bacharelato os alumnos que teñan avaliación negativa en máis de dúas materias. En todo caso deberán matricularse no 2º curso das materias pendentes de 1º.

No Bacharelato hai probas extraordinarias das materias nas que non se obtivo cualificación positiva.

Se promocionas a 2º con algunha suspensa deberás recuperala.

Se ao rematar 2º tes avaliación negativa nalgúns materias poderás matricularte delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou optar por repetir o curso completo.

Para acadar o título de Bacharelato será necesaria unha cualificación final de Bacharelato igual ou superior a 5 en todas as materias. Excepcionalmente o equipo docente poderá decidir a obtención do título de Bacharelato polo alumno/a que teña superadas todas as materias salvo unha, sempre que nela non se producira unha inasistencia continuada e inxustificada e que se considere que ten acadados os obxectivos e competencias da etapa.

Materias 1º curso Bacharelato LOMLOE					
Ciencias e Tecnoloxía	Humanidades e Ciencias Sociais		Xeral	Artes	
Materias de modalidade obrigatorias					
Matemáticas I	Itinerario Humanidades	Itinerario: C. Sociais	Matemáticas xerais	Vía Música e Artes escénicas	Vía Artes Plásticas, Imaxe e Deseño
	Latín I	Mat. Aplicadas ás CC. SS I		Análise Musical/Artes Escénicas I	Debuxo Artístico I
Materias común					
Lingua Galega e Literatura I Lingua Castelá e Literatura I 1ª Lingua Estranxeira I Filosofía Educación Física Relixión/ Disposición do centro					
Materias de modalidade de opción (elixir 2)					
-Bª/Xª e CC Amb. -Tecnoloxía e Enxeñaría I -Debuxo Técnico I -Física e Química	-Grego I -Economía -Hª do Mundo Contemporáneo -Literat. Universal I -Mates Aplicadas ás CCSS I -Latín		-Economía Emprend. e Act. Empresar. -Materias doutras modalidades	-Coro e Técnica Vogal I -Ling. e Práctica Musical -Cultura Audiov. -Análise Musical -Art. Escéni I	-Volume -Cultura Audiov -Prox. Artístic -Deb. Técníc.aplic. AAPP e Deseñ I
Materias optativas (elixir 1)					
Anatomía Aplicada Cultura Científica 2ª Lingua Estranxeira Antropoloxía Tecnoloxías da Información e Comunicación I Literatura Galega do s XX e a Actualidade Tecnoloxías Intelixentes Materia de modalidade non cursada					

Materias 2º curso Bacharelato LOMLOE					
Ciencias e Tecnoloxía	Humanidades e Ciencias Sociais		Xeral	Artes	
Materias de modalidade obrigatorias					
Matemáticas II/ Matemáticas Aplicadas ás CCSSII	Itinerario Humanidades	Itinerario: C. Sociais	Matemáticas xerais	Vía Música e Artes escénicas	Vía Artes Plásticas, Imaxe e Deseño
	Latín II	Mat. Aplicadas ás CC. SS II		Análise Musical/Artes Escénicas II	Debuxo Artístico II
Materias comúns					
Lingua Galega e Literatura II Lingua Castelá e Literatura II 1ª Lingua Estranxeira II Historia de España Historia da Filosofía Relixión/ Disposición do centro					
Materias de modalidade de opción (elixir 2)					
-Bioloxía -Xeoloxía e CC Ambient. -Física -Química -Tecnoloxía e Enxeñaría II -Debuxo Técnico II	-Grego II -Economía e DD de modelos de Negocio -Xeografía -Hª da Arte -Mates Aplicadas ás CCSS II -Latín II		-Economía Emprend. e Activid. Empresarial -Materias doutras modalidades	-Coro e Técnica Vogal I -Linguaxe e Práctica Musical -Cultura Audiovisual -Análise Musical -Artes Escénicas I	-Volume -Cultura Audiovisual -Proxectos Artísticos -D. Técnic.aplicad ás Artes Plásticas e ao Deseño II
Materias optativas autonómicas (elixir 1)					
Métodos Estadísticos e Numéricos Psicoloxía 2ª Lingua Estranxeira Patrimonio e Sociedade de Galicia Tecnoloxías da Información e a Comunicación II					

A FORMACIÓN PROFESIONAL

A Formación Profesional estruturase en Ciclos Formativos de Grao Medio e de Grao Superior. Teñen unha duración de 2000 horas, que corresponden a dous cursos académicos. A finalidade da Formación Profesional é a preparación do alumnado para a actividade nun campo profesional e a súa capacitación para o desenvolvemento cualificado das diferentes profesións.

Cada Ciclo formativo comprende unha serie de módulos. Son as áreas ou materias de contido teórico e práctico que terías que estudar. Cada ciclo ten os seus módulos, que están relacionados coa profesión que se estuda e tamén ten uns módulos que son comúns a todos os ciclos: FOL (Formación e Orientación laboral), RET (Relacións no contorno do traballo), FCT (Formación en Centros de Traballo).

Na actualidade en Galicia existen as seguintes familias profesionais cos seus respectivos ciclos de grao medio:

Familias profesionais	Ciclos formativos de grao medio
Agraria	Producción agrotecnolóxica Producción agropecuaria Xardinaría e floraría Aproveitamento e Conservación do Medio Natural
Actividades Físico-deportivas	Condución de actividades físico-deportivas no medio natural
Artes Gráficas	Preimpresión dixital Impresión en artes gráficas
Marítimo Pesqueiras	Operacións subacuáticas e hiperábicas Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións Cultivos acuícolas Navegación e pesca de litoral
Administración e Xestión	Xestión administrativa
Comercio e marketing	Actividades comerciais
Imaxe e Son	Vídeo Disc-jokey e son
Edificación e Obra Civil	Obras de interior, decoración e rehabilitación
Electricidade e electrónica	Instalacións eléctricas e automáticas Instalacións de telecomunicacións
Fabricación mecánica	Mecanizado Soldadura e caldeiraría
Hostelería e Turismo	Cociña e gastronomía Servizos en restauración
Imaxe persoal	Estética e beleza Peiteado e cosmética capilar
Industrias alimentarias	Aceites de oliva e viños Elaboración de produtos alimentarios Panadería, repostería e confeitaría
Informática e Comunicións	Sistemas informáticos en rede

Instalación e Mantemento	Mantemento electromecánico Instalacións frigoríficas e de climatización Instalacións de produción de calor
Madeira, Moble e Cortiza	Carpintería e moble Instalación e amoblamento
Transporte e Mantemento de Vehículos	Carrozaría Electromecánica de vehículos automóbiles
Química	Operacións de laboratorio
Sanidade	Coidados auxiliares de enfermería Farmacia e parafarmacia
Servizos Socioculturais e á Comunidade	Atención á persoas en situación de dependencia
Téxtil, Confección e Pel	Confección e moda
Seguridade e Medioambiente	Emerxencias e protección civil